



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE
VENEZUELA PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E
ASESORAMENTO EN CARACAS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Hermandad Gallega de Venezuela situada na súa propia sede.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Hermandad Gallega de Venezuela, que ten a súa sede social nun privilexiado sector da cidade de Caracas, sita na Av. Principal Maripérez con Av. Andrés Bello, é unha entidade que agrupa a preto de nove mil familias de galegos e dispón de importantes instalacións, constituíndo o centro galego máis importantes de Venezuela, polo número de persoas que acolle e polos programas de todo tipo que realiza en favor dos emigrantes galegos e os seus descendentes. Dentro desa liña está a desenvolver unha importante política social a favor dos emigrantes galegos e dos seus descendentes.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha





actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de difundir e promocionar todas as accións e programas destinados á colectividade de galegos asentada en Venezuela.

Ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela, de data 03 de abril de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento que estivo en funcionamento durante os anos 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015, polo que se estima por ambas partes a necesidade de dar continuidade aos servizos de información e asesoramento que esta oficina vén prestando a todos os integrantes da comunidade galega residente en Venezuela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2016.

